


ÚLTIMAS NOVIDADES LIBROS DE DIVULGACIÓN CIENTÍFICA



Libro dos océanos. Que ameaza o mar. Esther Gonstalla



Verteduras de petróleo, sobrepesca, illas de refugallos plásticos... Nas últimas décadas, a contaminación e o espolio dos océanos aumentaron de forma notable. Mais cal é o auténtico estado do meirande ecosistema da Terra?

Cun deseño atractivo e informativo, co apoio científico da German Ocean Foundation, Esther Gonstalla crea neste libro un retrato detallado que nos permite comprender mellor as relacións que existen entre a actividade humana e os cambios que sofre o mar, un retrato que, alén de convidar á reflexión, se converte nun recurso para a acción.

O libro do clima. Todo o que cómpre saber sobre o cambio climático. Esther Gonstalla

Seca extrema e vagas de calor, mais tamén ondadadas de frío, inundacións e precipitacións intensas: a crise climática converteuse nun problema global que ninguén pode ignorar xa.

Aquí entra en acción *O libro do clima*: co apoio de investigadoras e investigadores de todo o mundo, Esther Gonstalla traduciu os datos científicos sobre o quecemento do planeta e as complexas relacións que hai entre eles en 50 gráficos claros e reveladores que non te deixarán indiferente e servirán para chamarte á acción.




La evolución: La increíble aventura de la vida. Claybourne, A.

Por que é tan longo o pescozo das xirafas? Que tes ti en común cos peixes, os fungos, as bolboretas ou os plátanos? Por que algúns animais poden voar e outros non? Como serán os seres humanos do futuro? Por increíble que pareza, a evolución pode dar resposta a esta e moitas outras preguntas. Este libro proponche unha viaxe fascinante polo pasado e futuro da vida na Terra. Atrévete a inicialo?

Viaxeiros. Animais extraordinarios. Xulio Gutiérrez, Nicolás Fernández

Este libro agocha as travesías de milleiros de quilómetros ou traxectos curtos mais perigosos dunha ducia de animais de todo o mundo que protagonizan abraiante migracións e poñen a proba as súas capacidades co único fin de sobrevivir. Acompáñalos?



Tú puedes salvar el mundo. Angela Green

A Terra é sabia, respira vida e está ansiosa por ofrecer moitas máis maravillas das que xa nos regala cada día. E o noso deber é coidala para que o siga facendo. Aprende de 38 personaxes inspiradoras e convértete ti tamén nun héroe ou heroína da Terra. Neste libro atoparás 12 retos para aportar o teu gran de area na loita contra o cambio climático.

Lembra: non hai planeta B!






Novo mundo. Isabel Zendal na Expedición da Vacina. El primo Ramón

Novo Mundo conta a vida de Isabel Zendal, a enfermeira daquela expedición. Unha muller nada nunha humilde familia de labregos e obrigada a criar o seu fillo en solitario que acabou por se converter no elo imprescindible dunha xesta que supuxo un punto de inflexión na historia da medicina, dunha viaxe que mudou o mundo tal e como se coñecía ata entón.

Una breve historia de casi todo. Bryson, B.

Este libro propónnos un fascinante percorrido pola historia do universo que nos rodea. Pero pode un só libro converterse na perfecta introdución para adentrarse en disciplinas tan dispares como a astronomía, a xeoloxía, a física, a química e a bioloxía? Pode un traballo de divulgación científica ofrecer razoamentos e datos precisos e ao mesmo tempo ser tremendamente entretido? Pode unha obra narrar a historia dos grandes descubrimentos da ciencia e contarnos tamén divertidas anécdotas relacionadas con estes extraordinarios logros? Compráboo por ti mesma/o!



¿Qué puede salir mal? Cómo sobrevivir a un mundo que intenta matarte. La Hiperactina.

Neste mundo tan perigoso, como é posible que sigas con vida? Dende que somos unha soa célula, o noso organismo enfréntase a unha serie de obstáculos que non lle dan respiro: mutacións xenéticas, substancias tóxicas, ataques de virus e bacterias con moi mal xenio e unha lotería de doenzas. Porén, para sobrevivir neste mundo hostil que nos rodea, o corpo humano está preparado para contraatacar a estas ameazas sen pensalo dúas veces. Descubre como!

Mi dieta ya no cojea. Aitor Sánchez

Guía para aprender a levar unha dieta sana e equilibrada convertíndonos nuns auténticos *nutrifrikis*. Con este manual aprenderás a entender etiquetas, navegar no caos nutricional no que nos sumiu a industria e terás a oportunidade de aprender como conseguir que as túas necesidades nutricionais vaian da man das túas máis profundas convicións sociopolíticas e medioambientais.



La regla mola. Menstruita

Que é a menstruación? Como che inflúe o ciclo menstrual? A regra doe? Que opcións tes para non mancharte? Todo o que sempre quixeches saber sobre a menstruación explicado de forma directa e divertida para vivir estes cambios con confianza e benestar. Porque ter a regra mola, pero hai que saber como funciona.

Las chicas son de ciencias. 25 científicas que cambiaron el mundo. Civico.

Aquí tes 25 exemplos de supercientíficas que demostran que as chicas e os laboratorios son unha boa combinación. quen dixo que as chicans non eran de ciencias?

